

22ª EDICIÓN

DO 20 ao 27 de OUTUBRO de 2017

CONVOCATORIA DOS PREMIOS DA 22ª EDICIÓN DO FESTIVAL DE CINE INTERNACIONAL DE OURENSE

1. OBXECTO

É obxecto desta convocatoria a regulación dos premios das dúas competencias que formarán a sección oficial da 22ª edición do Festival de Cine Internacional de Ourense, organizado pola Concellería de Cultura e que terá lugar do 20 de outubro ao 27 de outubro de 2017.

2. DOTACIÓN ECONÓMICA

A dotación total para os premios é de 30.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 200.3340.48951 do orzamento municipal vixente.

3. PARTICIPANTES

Poderán concursar as persoas físicas ou xurídicas que posúan o debido control legal sobre as obras que presenten a concurso.

A persoa ou entidade (ou o seu representante) que asine o formulario autorizando a inscrición será considerada pola organización do Festival como a única interlocutora para tratar aspectos relacionados coa participación da película no Festival e como única responsable fronte a outras persoas ou empresas que participaran na produción da película.

4. AS COMPETENCIAS

4.1 Admitiranse aquelas obras cinematográficas producidas entre 2016 e 2017 que teñan unha duración mínima de 60 minutos e non fosen exhibidas publicamente, emitidas nin editadas comercialmente en España antes das datas do OUFF. Entenderase por exhibición pública calquera proxección en salas comerciais, circuitos culturais ou festivais de cinema. Toda película editada en DVD ou Bluray así como dispoñible para o público en calquera tipo de canle de TV xa sexa aberto ou de pago ademais de plataformas de VOD considerárase que non cumpre os requisitos para ser incluída dentro das competencias do OUFF. En caso de coincidencia dun título entre as datas do Festival de Ourense e outro festival ou evento en territorio español, a premiere española da película seleccionada deberá corresponder ao Festival de Cine Internacional de Ourense.

4.2 Competencia Iberoamericana. Admitiranse as producións ou coproducións nas que participe algún país iberoamericano da seguinte relación: Arxentina, Brasil, Bolivia, Chile, Colombia, Costa Rica, Cuba, Ecuador, España, Guatemala, Honduras, México, Nicaragua, O Salvador, Panamá, Paraguai, Perú, Porto Rico, Portugal, República Dominicana, Uruguai e Venezuela. O obxectivo desta competencia será recoller e destacar o amplo e novo espectro de propostas que no campo cinematográfico agora mesmo se realizan nos países arriba sinalados.

4.3. Competencia Operas Primas. Admitiranse primeiras longametraxes sen límite de área xeográfica. O obxectivo desta competencia será reivindicar aos novos valores do cinema actual poñendo especial énfase en cineastas novos que traballan desde a independencia.

5. INSCRICIÓN

5.1) A inscrición de películas no Festival é gratuíta.

5.2) O prazo de inscrición para as películas finalizará o 4 de agosto.

5.3) A inscrición realizarase unicamente cubrindo a Ficha de Inscrición Online na web do Festival (www.ouf.org), na que se proporcionará unha ligazón privada do filme coa súa correspondente clave de visionado (a través de Vimeo ou similar). Na ficha de inscrición deberase marcar a caixa de aceptación das bases, que terá o carácter de declaración xurada e nela constará que se coñece e acepta o presente regulamento.

5.4) Toda película non falada en castelán ou inglés deberá estar subtitulada nalgún destes dous idiomas. En caso contrario non será visionada.

5.5) Non se visionarán os filmes que non se axusten ás características expostas nos puntos 4.2 e 4.3

6. OBRIGAS DOS/DAS INSCRITOS/AS

A inscrición no 22º Festival de Cine Internacional de Ourense implicará:

6.1. A total aceptación das presentes bases por parte de todas as persoas participantes e os seus correspondentes produtores/as e distribuidores/as.

6.2. A autorización para divulgar materiais das películas inscritas (fotogramas, carteis, fichas, fragmentos de guión, textos de prensa, etc.). Os participantes autorizan a difusión de ata tres minutos de imaxes das devanditas películas en calquera medio de comunicación.

6.3. A aceptación de que, en caso de obter algún dos premios outorgados no concurso, se incluíra unha referencia escrita de forma obrigatoria e inescusable á concesión do devandito premio ao comezo de todas e cada unha das copias da película que se distribúan para a súa exhibición en salas comerciais e/ou en certames audiovisuais, así como en todo o material informativo e promocional impreso (press-books, carteis, etc.). Dita referencia consistirá nun texto co tipo de premio outorgado, acompañado invariablemente da imaxe corporativa (logotipo e nome) do Festival de Cine Internacional de Ourense, os cales lles serán facilitados, xunto ás súas normas de uso, pola organización do mesmo. Esta referencia ao premio do Festival deberá aparecer así mesmo nas versións en soporte dixital ou de calquera tipo que se exhiban e comercialicen destas películas. As empresas produtoras deberán remitir á organización do Festival unha copia da película na que se inclúa a mención do premio para o seu arquivo.

7. OBRIGAS DOS/AS SELECCIONADOS/AS

As persoas participantes cuxas películas sexan seleccionadas para a sección competitiva estarán obrigadas a cumprir as seguintes disposicións:

7.1. As produtoras e distribuidoras das películas seleccionadas facilitarán á organización do Festival todo o material necesario para a elaboración do catálogo do mesmo.

7.2. As produtoras e distribuidoras das películas seleccionadas facilitarán á organización do Festival todo o material necesario para a correcta subtitulación das películas (listas de diálogos e tradución ao castelán se estivese dispoñible).

7.3. As copias deberán chegar ás dependencias do Auditorio Municipal de Ourense un mínimo de 20 días antes da súa data de proxección. As películas que non cumpran este requisito poderían ser retiradas da competición.

7.4. As copias de proxección das películas faladas en idioma que non sexa inglés ou castelán deberán ter subtítulos nun destes dous idiomas.

7.5. As produtoras e distribuidoras das películas seleccionadas asumirán os custos de transporte do envío das copias ata Ourense, incluídos os correspondentes impostos de aduana se os houber, que serán pagos pola persoa ou entidade que inscriba a película.

Na etiqueta do envío deberá especificarse o seguinte texto: "Para usos culturais soamente / Sen valor comercial".

7.6. As produtoras e distribuidoras das películas seleccionadas non retirarán a película da programación nin a presentarán comercialmente en España antes da súa proxección en Ourense.

8. EXHIBICIÓN

8.1. As proxeccións na sección competitiva faranse en 35mm e DCP. De modo excepcional se admitirán arquivos dixitais previa consulta e autorización do Festival.

8.2. Unha vez comunicado o formato de proxección á Organización do Festival, este non se poderá cambiar.

8.3. As produtoras e distribuidoras cederán os dereitos para a exhibición pública das súas películas durante a semana do festival. Os filmes das competencias terán dúas proxeccións de público e, en caso necesario, unha sesión privada para a prensa.

8.4. As películas premiadas poderán ter unha proxección máis en hora e data a sinalar polo festival, sempre posterior á lectura do palmarés e anterior ao Luns 30 de Outubro.

8.5. No caso de películas en formato DCP a produtora ou distribuidora de cada filme proporcionará á organización do festival DCP's abertos ou o número de KDM's necesarios para as proxeccións sinaladas no punto 8.3.

O festival non se fará cargo do custo de xerar devanditos KDM's.

9. OBRIGAS DO CONCELLO DE OURENSE

9.1. Unha vez finalizado ou concurso, o Concello de Ourense pagará os custos de devolución das copias en 35mm e DCP á dirección de orixe ou distancia similar.

9.2. O seguro contratado polo Festival para as copias en 35mm e DCP cobre os riscos de incendio, perda, roubo, dano ou destrución destas durante o período comprendido entre a súa chegada ás dependencias do Concello e a data da súa devolución. A responsabilidade do Concello será limitada e, en calquera caso, non superará o custo dunha nova copia estándar, segundo as tarifas vixentes nos laboratorios españois, nos casos de 35mm.

9.3. O prazo máximo para efectuar calquera tipo de reclamación sobre unha copia en 35mm devolta será de 30 días a partir da data do envío desde Ourense. Durante ese prazo, a copia non debe ser exhibida en público.

10. XURADO

10.1. Os premios da sección oficial competitiva serán outorgados polo seu correspondente xurado, designado pola organización do Festival entre profesionais do mundo cinematográfico, audiovisual, prensa e cultura.

10.2. O xurado non poderá declarar deserto ningún premio nin concedelo ex aequo.

10.3. O xurado poderá conceder as mencións especiais (sen dotación económica) que considere oportunas.

10.4. O xurado podería outorgar excepcionalmente unha única vez dous premios á mesma película.

10.5. O premio do público concederáse á película que obteña a maior puntuación en función dos votos emitidos polos espectadores tras as proxeccións.

10.6. As decisións do xurado e do público serán inapelables.

11. PREMIOS OFICIAIS

11.1. Os xurados designados polo festival entregarán os seguintes premios:

- Calpurnia á Mellor Película da Competencia Iberoamericana: 10.000 euros
- Premio “Carlos Velo” á Mellor Dirección da Competencia Iberoamericana : 5.000 euros
- Calpurnia á Mellor Película da Competencia Operas Primas: 10.000 euros
- Premio do Público á Mellor Película das dúas competencias: 5.000 euros

11.2. A dotación económica dos dous premios Calpurnia e o Premio do público corresponderán sempre á distribuidora en España da película premiada. Se as películas premiadas nestas tres categorías non tivesen distribución en España, o premio correspondería á persoa física ou xurídica que inscribe a película no Festival, segundo figura na ficha de inscrición e tras demostrar que ten todos os dereitos.

A dotación económica total do premio Carlos Velo corresponderá ao director/a da película premiada.

11.3. En todos os casos as retencións fiscais e outros gastos en que se poida incurrir na entrega de premios en metálico serán deducidos destes, co que o montante final variará dependendo das condicións establecidas por cada país e da forma en que se realice o pago.

12. RESOLUCIÓN FINAL

As dúbidas que poidan xurdir sobre a interpretación destas bases, así como os conflitos que puidesen producirse derivados da súa aplicación, e en canto á organización ou funcionamento, serán resoltas pola Concellería delegada de Cultura e a organización do OUFF.

Así mesmo, a organización do Festival reservarase o dereito de establecer excepcións puntuais a estas bases e preceptos por causas de forza maior.